

XXV PREMIO DE POESÍA “CIDADE DE OURENSE”

BASES

1º.- Poderán participar todas as persoas que o desexen calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que as súas obras se presenten en galego ou portugués.

2º.- Os traballos que se presenten terán que ser orixinais e inéditos, cun mínimo de SEISCENTOS VERSOS. Presentaranse mecanografados e a dobre espazo en follas tamaño folio, escritas por unha soa cara en exemplar sextuplicado, debidamente grampados, cosidos ou encadernados.

3º.- Outorgarase un único premio dotado de **SEIS MIL EUROS**, e a publicación do libro.

4º.- As obras deberanse presentar baixo lema, indicando “ PARA O XXV PREMIO DE POESÍA CIDADE DE OURENSE”, en sobre á parte, pechado lacrado, que acompañará ao traballo, onde deberá figurar o nome, apelidos , n.º de carné de identidade e enderezo do autor.

5º.- O Xurado cualificador será nomeado a proposta da Concellaría de Cultura, estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, e un representante da Corporación. A súa decisión será inapelable e terá lugar arredor do derradeiro sábado do mes de maio.

6º.- A primeira edición da obra premiada será publicada polo Concello, e entregaráselle un número de exemplares ao autor. Este queda en propiedade da obra para sucesivas edicións.

7º.-O prazo improrrogable de presentación rematará ás 14 horas do 30 de abril de 2009. A entrega farase no Rexistro do Excmo. Concello de Ourense (Praza Maior, s/n), directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre “PARA O XXV CONCURSO DE POESÍA CIDADE DE OURENSE”. Os concursantes portugueses poderán facer entrega dos seus traballos na Cámara Municipal de Vila Real (Portugal) dentro dos mesmos prazos.

8º.- O premio poderá ser declarado deserto se, a xuízo do Xurado, os traballos presentados non reúnen suficientes méritos, ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

9º.- Os traballos presentados non premiados deberán ser retirados, previa solicitude presentada no prazo dun mes dende a entrega do Premio.

10º.- O feito de participar neste Concurso implica a total aceptación e conformidade das presentes Bases. Todas as incidencias non previstas nestas Bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura ou polo Xurado cando este quede constituído.

Ourense, decembro 2008